



Resolución Xunta Directiva 4 de novembro de 2019:

para a adxudicación da contratación dunha asistencia técnica co obxecto de implantar unha carta homoxénea nos establecementos de restauración pertencentes ao selo KM Cero Margalaica no ámbito territorial do Galp Costa Sostible

ANTECEDENTES:

Segundo acordo da Xunta Directiva celebrada na data do 4 de setembro de 2019, e respondendo ao seu compromiso de responsabilidade social, económica e ambiental co seu entorno, O Galp Costa Sostible, implanta o selo promocional Km Cero Margalaica nos establecementos de restauración do seu ámbito territorial pertencentes ao Club de produto Margalaica, sendo este ademais un requisito para obter o financiamento do programa de axudas do Galp para todos os establecementos de restauración, dito requisito recóllese na medida 2.4.1.2 Iniciativas de restauración e gastronomía integradas no programa Km Cero Margalaica da súa EDLP, dentro da liña de actuación “Apoio ao investimento turístico xerador de emprego”.

- Os requisitos de dito selo tenden a identificar os produtos procedentes das lonxas do territorio, e a sensibilizar ao consumidor no seu consumo.
- Os establecementos portadores deste selo forman na actualidade parte da Ruta dos Faros de Galicia, e figuran nos soportes promocionais da mesma.
- Neste marco, o GALP COSTA SOSTIBLE solicita unha proposta de colaboración profesional para unificar a imaxe destes establecementos mediante unha carta homoxénea para todos eles, que será a Carta Kilómetro Cero Margalaica.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

PROCEDEMENTO:

Coa data do 15 de outubro de 2019, publícanse as bases que regularán o procedemento para a adxudicación da contratación mencionada. As propostas presentadas foron:

- 1) Itc Ménsula, cunha oferta económica de 14.096,50 euros.
- 2) Pqliar Consulting , cunha oferta económica de 18.089,50 euros.
- 3) Cidadanía, cunha oferta económica de 14.461,00 euros.
- 4) Autoxiro, cunha oferta económica de 14.850,00 euros.

Segundo as bases do procedemento a empresa adxudicataria sería aquela que presentase a oferta económica máis vantaxosa.

Polo exposto anteriormente a Xunta Directiva do Grupo de Acción Local do Sector pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros Noia. Costa Sostible **Resolve:**

Seleccionar a proposta presentada pola empresa ITC MÉNSULA por ser a oferta mais vantaxosa economicamente:

Muros, 4 de novembro de 2019

Asdo: Daniel Manuel Formoso Moledo

Presidente



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

